



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA VINTEDOUS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS .

En Alfoz, no Salón de Sesións da Casa Consistorial , ás catorce horas do día vintedous de xullo de dous mil vinte e dous , xúntase a Corporación Municipal en Pleno, en primeira convocatoria, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria remitida ao efecto aprobada por Decreto da Alcaldía 469/2022 de data 19 de xullo de 2022.

Presidente:

Don Jorge Val Díaz (PSdeG-PSOE)

Concelleiros asistentes :

Dona Ana Aránzazu Incera Ares (PSdG-PSOE)

Don César Marrube Novo (PsdG- PSOE)

Don Cándido Paleo Rejes (PsdeG-PSOE)

Dona María Luisa Goás Lorenzo (PsdG-PSOE)

Don Jacobo Geada Adrio (Partido Popular)

Dona Raquel Rouco Iglesias (Partido Popular).

Dona Efigenia Maseda Paz (VIA ALFOZ).

Don Eliseo Lorenzo García (VIA ALFOZ).

Concelleiros ausentes:

Nengún.

Secretaria:

D^a María Sofía Sanmartín Novoa.

Os concelleiros asistentes constitúen máis dun tercio do numero de membros da Corporación, co fin de constituirse en sesión plenaria en primeira convocatoria.

Aberta a sesión, pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión conforme a convocatoria remitida , que son:

ORDE DO DÍA:

PARTE DISPOSITIVA

- 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION ANTERIOR(27/05/22).
- 2.- APROBACION CONTA XERAL EXERCICIO 2021.





3.- RECUPERACION POSESORIA CAMIÑO N.º 96 DE INVENTARIO: CASCADRADO.

4.- APROBACION PROVISIONAL DSNR A GRANDA .

5.-MOCIONS .:

5.1. MOCION PLATAFORMA NA DEFENSA DA SANIDADE PUBLICA DA MARIÑA:
SERVIZO DE SAUDE MENTAL NA COMARCA.

6- ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA. PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

7- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION ANTERIOR(27/05/22).

Pregunta o Sr. Alcalde o sentido do voto do acta correspondente á sesión ordinaria de data 27 de maio de 2022 .

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria , co resultado de nove votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación ás actas correspondente á sesión ordinaria de data 27 de maio de 2022.

2.- APROBACION CONTA XERAL EXERCICIO 2021.

Indica o Sr. Alcalde que se trata de aprobar a Conta Xeral que xa foi informada na Comisión Especial de Contas e pregunta si algún concelleiro quere facer algunha observación . Non se producen intervencións.

Consta no expediente proposta da Alcaldía que literalmente di:

“ Sendo sometida a información pública a Conta Xeral do exercicio de 2021 cos seus documentos e o informe favorable da Comisión Especial de Contas, de acuerdo coa normativa vixente, sen que se teñan presentado alegacions nin reclamacions, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2021.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo , así como da documentación necesaria, ao Consello de Contas de Galicia , ao Tribunal de Cuentas e ao Ministerio de Economía y Hacienda , para a súa fiscalización, aos efectos previstos no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

TERCERO.- Facultar ao Sr. Alcalde ou concelleiro que legalmente o sustitúa, para a firma de cantos documentos sexan precisos ao respecto.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria co resultado de nove votos a favor, maioría absoluta e unanimidade,





ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

3.- RECUPERACION POSESORIA CAMIÑO N.º 96 DE INVENTARIO: CASCADRADO.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que houbo un levantamento topográfico pola Consellería e pese a todo o camiño está pechado, houbo reclamacións, contencioso administrativo contra a inclusión do camiño no inventario e perderon.. o caso é que o camiño está cerrado e hai que tramitar expediente para abri-lo de novo porque está inventariado, figura en concentración parcelaria e existe unha tensión entre veciños que temos que solventar.

Consta no expediente proposta da Alcaldía coa seguinte literalidade:

*“ En data 17 de decembro de 2021, preséntase escrito por parte de don Francisco Basanta Eiroá, con DNI ***704.2***, no que se expón a firmeza Sentenza nº 250/2021, do 18 de outubro de 2021, do Xulgado do Contencioso/Administrativo de nº2 de Lugo e que “en la actualidad este camino se encuentra, en tramos, prácticamente impracticable dificultando enormemente el fin para el que fue concebido en su día por el Servicio de Estructuras Agrarias de la Xunta de Galicia en el proceso de concentración de Pereiro-Oiras, que no es otro que todas las parcelas nacidas por ese proceso de concentración tengan salida directa a vial público” e solicita que “realicen todas las comprobaciones que se estimen oportunos para confirmar la veracidad de lo aquí expuesto, se ejecuten a la mayor brevedad todas las labores de acondicionamiento que resulten necesarias y aconsejables para que el vial público de titularidad municipal identificado como actjvo ne 95 ("lugar de Cerrado da Croa" en la parroquia de Pereiro-Oiras), sirva para el fin para el que fue concebido, que es poder transitar por el mismo con las dimensiones establecidas en su día por el servicio de Estructuras Agrarias de Galicia en el procedimiento de concentración Parcelaria anteriormente referido, sin más limitación que las establecidas, de manera expresa, en las leyes”.*

En expediente 121/2022 , en data 26 de abril se solicita a emisión de informe técnico que é emitido na mesma xornada polo arquitecto técnico, Don Diego Hermida Varela, do que se extrae:

(..) 1. Con data 26 de abril de 2022 realízase visita ao lugar dos feitos constatándose que o camiño delimitado o día 7 de febreiro de 2019, atópase impedido en dous puntos:

A - Peche do camiño na finca 143, na súa colindancia co camiño municipal. O peche está realizado con arame de espiños fixado con grampas. O citado peche, impide a utilización do camiño .

B - Peche do camiño no linde da finca 146 coa 76 do polígono 86 de catastro. O peche está realizado cunhas cordas atadas a distinta altura e existen ramas colocadas no paso. O citado peche, impide a utilización do camiño.





Con respecto desta ubicación, faise necesario sinalar que con respecto da visita realizada o 11 de marzo de 2019 que deu lugar ao informe técnico do 14 de marzo de 2019 no expediente 94/2019, o peche da parcela 76 do polígono 86 de Catastro xa se atopa desplazado cara o límite da zona de concentración parcelaria de acordo co deslinde realizado con data 7 de febreiro de 2019 polo Xefatura Territorial do Servizo de Infraestruturas Agrarias da provincia de Lugo.

2. A ficha do inventario de bens municipais para o camiño de referencia, número 1C.1.0096, recolle que se trata dun camiño con firme de terra, cun ancho medio de 3,60m e unha lonxitude media de 648,42m para unha superficie de 2.334,31m².

O camiño atópase no mesmo estado que cando se recibeu por parte da Xefatura Territorial do Servizo de Infraestruturas Agrarias da provincia de Lugo da Consellería de Medio Rural e de acordo a como so inclueu no inventario de bens municipais. CONCLUSIÓN Considerado todo o indicado con anterioridade deberase restaurar o estado de apertura do camiño conforme ao deslinde realizado o día 7 de febreiro de 2019 pola Xefatura Territorial do Servizo de Infraestruturas Agrarias da provincia de Lugo da Consellería de Medio Rural e de acordo coa finalidade do ben que nos ocupa. “

En data 27 de abril se incorpora informe xurídico emitido pola Secretaria-Interventora , do que se extrae:

“ Sobre este particular indicar que sobre o citado camiño existe unha serie de antecedentes, que se indican a continuación:

1º. O citado camiño se atopa engadido no Inventario de Camiños do Concello de Alfoz, con número de ben n.º de activo 1c.1.0096.

2º. Contra a inclusión do camiño no Inventario por Dona Amelia Basanta presentouse alegacións que foron desestimadas na medida en que o camiño se atopa dentro da rede de camiños de concentración parcelaria. Contra o citado acordo de desestimación da alegación a particular interpuxo recurso de reposición que foi desestimado por silencio administrativo.

3º. Contra a desestimación por silencio administrativo do acordo plenario de desestimación de alegación e aprobación definitiva do Inventario de Camiños, pola Sra Basanta interpúxose recurso contencioso- administrativo no Xulgado do Contencioso – Administrativo n.º 2 de Lugo en procedemento ordinario 200/2018-C comunicado polo Xulgado o día 08 de outubro de 2018.

No citado proceso (expediente 340/2018) recae sentenza 250/2021, de data 18/10/2021, que ten o carácter de sentenza firme conforme comunicación de data 07/12/2021 do citado xulgado.

A sentenza INADMITE o recurso contencioso, en base aos seguintes fundamentos xurídicos (se extrae) :

“ el camino litigioso estuvo afectado por el procedimiento de concentración parcelaria, en el que consta dictado acuerdo de concentración notificado a la demandante y publicado en los boletines oficiales correspondientes; este hecho impide





que con motivo de la aprobación definitiva del Inventario Municipal pueda prosperar queja alguna sobre la reordenación de la propiedad que en ese procedimiento anterior se hizo.... Si no consta impugnado el acuerdo de concentración nada se puede hacer ahora porque el acuerdo de aprobación del inventario no se puede observar desvinculado de ese acuerdo de concentración, porque está indisolublemente unido al mismo al confirmarlo.

La Consellería cedió al Concello de Alfoz la titularidad del citado vial n.º 96, por lo que el acto de aprobación definitiva del Inventario no viene sino a ser un acto que tiene necesariamente que respetar el contenido de la concentración parcelaria porque dimana directamente de ella.”

Por tanto, queda indubitado o carácter de dominio público do camiño e a súa titularidade do Concello de Alfoz, por entrega dos mesmos pola Consellería dentro do proceso de concentración parcelaria, e nos termos e coa extensión e características que se determinaron no mesmo.

Así, en data 10 de abril de 2018, n.º Re 488 se recibe comunicación de finalización obra Camiños secundarios ZCP Pereiro-Oiras dende o Servizo de Infraestructuras Agrarias de Lugo e se fai entrega do dominio ao Concello de Alfoz das obras do proxecto modificado do proxecto de rede de camiños secundarios e accesos a fincas da zona de concentración parcelaria de Pereiro- Oiras, cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia, no periodo 2014-2020 dentro da Medida 4,3 (Alfoz- Lugo) (XM-13075) se indica que a obra de referencia foi executada conforme ao proxecto aprobado con data 30 de agosto de 2016 e proxecto modificado aprobado con data 27 de outubro de 2017 polo órgano competente.

Esta sentenza é á que fai referencia o Sr. Francisco Basanta Eiroá no seu escrito.

4º, Polo que respecta á POSESION usurpada, se debe de efectuar tamén remisión a antecedentes:

3.1. En data **7 de febreiro de 2019** persoal técnico e o Alcalde do Concello acudiu á convocatoria realizada dende a Xefatura Territorial do Servizo de Infraestructuras Agrarias para o deslinde entre a propiedade municipal (camiño) e a propiedade das fincas coas que lindan na zona de concentración Pereiro- Oiras.

Na citada acta se indica que ao citado acto Dona Amelia Basanta Eiroá, recorrente no proceso contencioso, estaba representada por Antonio Riveira Requeijo y acudiu, igualmente, o marido Darío Fernandez Luaces.

Na propia acta consta que na cartografía do acordo de concentración parcelaria figura reflexado un terreo que se adxudica ao concello para ser empregado como camiño ... e se indica que se teña realizado ou non obra sobre o camiño todo o longo do seu





trazado é un terreo adxudicado á administración municipal, e se explica que non foi obxecto de obras na integridade do trazado pola proximidade do xacemento arqueolóxico da Croa.

Precisamente o acto de deslinde de febreiro de 2019 é para esa parte do trazado non executado.

Na acta se indica expresamente” lémbrales aos presentes, que non pode haber elementos da súa titularidade físicamente impedindo as actuacións de hoxe, porque serían constitutivas de infracción administrativa moi grave... e que rematadas as actuacións teñen o prazo de dos meses, a contar dende o día 8 de febreiro, para presentar reclamacións por diferenzas de cabida superior ao 2% xuntando ditame pericial. ...

Continua decindo no acta que ao chegar á finca de Dona **Amalia Basanta (finca 143)** e unha vez que se lle indica ao marido (Dario Fernandez Luaces) o límite entre o camiño municipal e a súa propiedade retira parcialmente o peche de postes e alame para permitir o paso, e di que retirará o resto cando a finca esté delimitada. O técnico de Amalia sinala que no camiño non se aprecia si existe no terreo ningún elemento físico no terreo que indique a preexistencia do camiño e éntrase no debate sobre a existencia ou non dun paso estreito “ camiño de carro” ou paso a pé, pero en todo caso fora de concentración parcelaria e que é obxecto de proceso xudicial.... E facian referencia ao acordo de abril de 2013 no que se indicaba que o citado camiño non era público.

No límite das fincas 146, 147 e 148 Dario Fdez Luaces retira o peche que invadía parte do camiño hoxe delimitado quedando aberto ao uso público.

O acta finaliza decindo que queda replanteado o vial en todo o trazado e aberto a uso público dado que ten sido xa entregado á administración municipal.

3.2. En data **04 de marzo de 2019** Dona María Soledad Basanta Cabanas presenta escrito no que se indica que respecto do camiño o seu paso está impedido por dous peches que imposibilitan a súa utilización.

Se incoa así o expediente 94/2019, ao que se incorpora informe do arquitecto técnico municipal de data 14 de marzo de 2019, no que se indica que o camiño se atopa pechado na finca 143 e 146. Tamén figura informe desta Secretaria de data 28 de marzo de 2019, así como Decreto da Alcaldía 201/2019, de 28 de marzo, polo que se da audiencia aos interesados durante o prazo de quince días hábiles.

En data 08 de abril de 2019 se concede a Dona Amelia Basanta Eiró, propietaria da finca 143 , acceso ao expediente, e a mesma presenta en data 23 de abril de 2019 alegacións solicitando a nulidade de pleno dereito do expediente en base a distintos fundamentos, orbitando a maior parte deles sobre a discusión da existencia do propio camiño en sí mesmo e na súa condición de camiño público de titularidade municipal , cando di:





“ Páxina 1: No existe en la zona en la realidad ningún camino y menos aún adscrito al uso público...” falta de legitimación del Concello de Alfoz en la medida en que se trataría de un camino de concentración parcelaria y por tanto su titularidad y en consecuencia la facultad de recuperación de su posesión no puede corresponderle al concello, sino en su caso, a la administración autonómica” ...

Non consta no citado expediente a realización de trámite algún posterior ás citadas alegacións, si ben na aplicación informática de xestión administrativa está como expediente relacionado el recurso contencioso- administrativo contra a aprobación definitiva da inclusión do camiño no inventario de bens municipais .

CUARTO. O exercicio da potestade de recuperación resulta obrigado para a Administración, unha vez comprobada a usurpación. Na Sentenza de 5 de abril de 2000 afírmase que as Entidades Locais teñen a obrigación de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos e calquera veciño poderá requirir o seu exercicio á Entidade interesada, de xeito que, a falta de exercicio das mesmas, no prazo de trinta días, por parte do Concello darase lugar á posibilidade de que os veciños interesados poidan exercitalas por si mesmas nas consecuencias previstas no artigo 68 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, relativas ao resarcimiento de costas e danos e prexuízos que lle causaron ao veciño, no caso de que prosperase a acción.

A tal fin, e logo da firmeza da sentenza no proceso referido, á que tamén fai referencia o Sr. Basanta Eiroá no seu escrito, en data 26 de abril de 2022 pola Alcaldia se dicta Decreto de emisión de informe técnico de comprobación do feito denunciado, que se emite polo funcionario interino, Diego Hermida Varela, Arquitecto Técnico Municipal o mesmo día.

O informe técnico confirma documentalmente que o citado camiño está cortado á altura da finca 143 e 146, e conclúe que debe ser restaurado o estado de apertura do camiño conforme ao deslinde realizado o día 7 de febreiro de 2019.

A titularidade da finca 143 é de Amelia Basanta Eiroá e a finca 146 de Don Jesús Domingo Luaces Rey.

Se aprecia coincidencia fáctica entre o expediente de recuperación do uso do citado camiño (94/2019) e no actual(121/2022): é o mesmo camiño con peches nas mesmas parcelas e cos mesmos titulares, salvo que se acredite outras circunstancias, a aínda que a situación xurídica en canto á titularidade pública do camiño se entende que tampoco mudou, a sentenza referida sí que ven a confirmar por unha banda, a existencia do citado camiño en canto vinculado ao proceso de concentración parcelaria sobre o que quedou acreditado que non houbo reclamacións, así como a súa titularidade pública municipal como consecuencia da entrega do mesmo ao Concello por mor do citado proceso concentrador, o que sin dúbida afecta ao contido das alegacións ou defensa dos seus dereitos, que no seu caso, decida presentar ou exercer a Sra Amelia Basanta.

Visto o establecido no artigo 57 da Lei 39/2015:





El órgano administrativo que inicie o tramite un procedimientu, cualquiera que haya sido la forma de su iniciación, podrá disponer, de oficio o a instancia de parte, su **acumulación a otros con los que guarde identidade sustancial o íntima conexión, siempre que sea el mismo órgano quien deba tramitar y resolver el procedimientu.**

Contra el acuerdo de acumulación no procederá recurso alguno.

Á vista do exposto, **se entende que entre ambos procedementos 49/2019 e 121/2022 existe unha identidade sustancial do obxecto que permitiría acordar a acumulación procedimental**, tendo en conta que , a maiores, debería de darse comunicación como interesada á María Soledad Basanta Cabanas, promotora do primeiro deles, polo que a identificación dos interesados no segundo serían:

- María Soledad Basanta Cabanas.
- Francisco Basanta Eiróa.
- Amelia Basanta Eiroá.
- Jesús Domingo Luaces Rey.

(...)"

Á vista do exposto , dos antecedentes e expedientes vinculados e en especial da sentencia do recurso contencioso- administrativo 200/2018-C, esta Alcaldía, en tanto órgano competente para a realización dos trámites iniciais e de impulso do expediente na fase inicial de incoación e a fin de motivar proposta de acordo ao Pleno da corporación como órgano competente para a adopción de acordo de recuperación de oficio do ben, en data 27 de abril de 2022 dicta Decreto 267/2022, co seguinte contido .

PRIMEIRO.- Acordar a acumulación dos procedementos 49/2019 e 121/2022 , de recuperación do uso do camiño Coto da Croa, Cascadradro, de titularidade pública municipal engadido no Inventario de Camiños 1.C.1.0096, por existir identidade sustancial do obxecto.

Contra o presente acordo non cabe a interposición de recurso algún conforme o artigo 57 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- Dar audiencia aos interesados durante un prazo de QUINCE DIAS HÁBILES , de conformidade co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Finalizado o trámite de audiencia, daráse conta ao Pleno da Corporación coa proposta que resulte das alegacións que no seu caso se presenten, para a adopción do acordo que resulte necesario para a defensa dos bens municipais.





Durante o citado prazo se presentaron tres alegacións:

- 1º. Domingo Luaces Rey, data: 25/05/2022 (RE 681).*
- 2º. Amelia Basanta Eiroá, data 25/05/2022. (RE 682).*
- 3º. Francisco Basanta Eiroá, data 30/05/2022 (RE 703).*

As alegacións presentadas por Don Domingo Luaces Rey e Dona Amelia Basanta Eiroá teñen a mesma data de presentación e o mesmo contido, sendo ambos documentos e os anexos presentados idénticos; a alegación presentada por Don Francisco Basanta Eiroá se limita a indicar: que quere facer constar que a delimitación do camiño debe facerse segundo o referido na sentenza 250/2021, de 18 de outubro , do Xulgado do Contencioso Administrativo e a planimetría obrante en dito procedemento que indica o trazado e dimensións do mesmo.

Solicitado a emisión de informe xurídico ás alegacións presentadas, do incorporado ao expediente en data 12 de xullo de 2022, extráese:

(..) Respecto do fondo das alegacións presentadas polo Sr. Luaces e a Sra Basanta, que como se decía son idénticas en canto a textualidade e anexos, pódense resumir en :

1º. Solicitan nulidade de pleno dereito porque non consta acordo plenario resolvendo proceder á recuperación posesoria do camiño en cuestión, alegando que todo o actuado é nulo por falta de competencia do órgano competente.

A este respecto indicar que non se está aínda nesa fase procedimental, na medida en que pola Alcaldía non se ten adoptado acordo de oficio de exercicio de acción recuperatoria, senón que , tal e como se indicaba no Decreto recurrido, actúa , ante denuncia formulada por particular, na realización dos trámites iniciais e de impulso do expediente a fin de formular , no seu caso, proposta de acordo plenario , por aplicación do artigo 21,1,c da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local , tal e como se explicaba no apartado dispositivo terceiro do citado Decreto de data 27 de abril de 2022. (Decreto e non resolución como din nas alegacións).

Así o trámite de audiencia concedido se axusta ao previsto no artigo 82 da Lei 39/2015.

2º. Se afirma que non existe usurpación recente nin de ningún tipo porque non existe na zona en realidade ningún camiño, e menos adscrito ao uso público.

Sobre a existencia da usurpación , basta referirse ao informe técnico de verificación emitido en data 26 de abril de 2022 polo funcionario desta Corporación, arquitecto técnico, Don Diego Hermida Varela, que é inequívoco, e do que xa se lle deu traslado do seu contido aos alegantes no Decreto de data 27 de abril contra o que se presentan as alegacións que son obxecto do presente informe.





Como ben dise no citado informe de 2022 a usurpación xa ten sido documentada mediante informe do mesmo técnico de data 14 de marzo de 2019 e na acta de deslinde no eido do proceso de concentración, de data 7 de febreiro de 2019.

Existen, pois, tres documentos públicos de carácter técnico que recollen a usurpación e dos que os alegantes teñen coñecemento da súa existencia e contido, polo que se entende suficientemente respostada esta alegación.

En canto non existe na zona ningún camiño, recordar a sentenza 250/2021, de 18 de outubro de 2021, do Xulgado do Contencioso- administrativo de Lugo, da que se extrae:

(..) el camino litigioso estuvo afectado por el procedimiento de concentración parcelaria, en el que consta dictado acuerdo de concentración notificado a la demandante y publicado en los boletines oficiales correspondientes; este hecho impide que con motivo de la aprobación definitiva del Inventario Municipal pueda prosperar queja alguna sobre la reordenación de la propiedad que en ese procedimiento anterior se hizo.... Si no consta impugnado el acuerdo de concentración nada se puede hacer ahora porque el acuerdo de aprobación del inventario no se puede observar desvinculado de ese acuerdo de concentración, porque está indisolublemente unido al mismo al confirmarlo

(..) Por tanto, queda indubitado o carácter de dominio público do camiño e a súa titularidade do Concello de Alfoz, por entrega dos mesmos pola Consellería dentro do proceso de concentración parcelaria, e nos termos e coa extensión e características que se determinaron no mesmo.

Ademáis do pronunciamento xudicial, recordar unha vez máis que no proceso de concentración realizouse en data 07 de febreiro de 2019 un acta de DESLINDE do citado camiño e as propiedades privadas colindantes. Conforme o citado acta, a recurrente Sra Basanta estaba representada por Antonio Riveira Requeijo, e asistiu a maiores o seu esposo, Darío Fernández Luaces.

Na propia acta consta que na cartografía do acordo de concentración parcelaria figura reflexado un terreo que se adxudica ao concello para ser empregado como camiño e se indica que se teña realizado ou non obra sobre o camiño todo o longo do seu trazado é un terreo adxudicado á administración municipal, e se explica que non foi obxecto de obras na integridade do trazado pola proximidade do xacemento arqueolóxico da Croa.

Precisamente o acto de deslinde de febreiro de 2019 é para esa parte do trazado non executado. Na acta se indica expresamente” lémbrales aos presentes, que non pode haber elementos da súa titularidade físicamente impedindo as actuacións de hoxe, porque serían constitutivas de infracción administrativa moi grave... e que rematadas as actuacións teñen o prazo de dos meses, a contar dende o día 8 de febreiro, para presentar reclamacións por diferenzas de cabida superior ao 2% xuntando ditame pericial ...

(..) No límite das fincas 146, 147 e 148 Darío Fdez Luaces retira o peche que invadía parte





do camiño hoxe delimitado quedando aberto ao uso público. O acta finaliza decindo que queda replanteado o vial en todo o trazado e aberto a uso público dado que ten sido xa entregado á administración municipal .

Se está a falar dun camiño engadido no proceso de concentración parcelaria ZCP Pereiro-Oiras asumido polo Servizo de Infraestructuras Agrarias de Lugo e entregado como dominio público ao Concello de Alfoz en data 10 de abril de 2018 , e sobre o que existe un documento público administrativo de deslinde , que non ten sido impugnado no proceso administrativo nin contencioso administrativo que se teña constancia.... O que non só supón que se trate dun camiño recollido nun proxecto técnico a executar (trazo sobre papel), senón que existe unha realidade física que foi obxecto de comprobación e deslinde, e sobre que expresamente a propia consellería reconece que non se realizaron obras por protección patrimonial, pero non é a realización de obras o que determina a existencia do camiño, si ben evidencia o seu trazado.

Así, os alegantes indican no apartado terceiro que se trataría dunha pequena senda cuberta por maleza que mais ben pretende dar servizo únicamente aos propietarios das parcelas : Na Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, no artigo 60 se recolle, cando se fala do plan de obras nos procesos de concentración, que estarán engadidas as obras de : Redes de caminos principais y secundarios, para dotar de acceso, en su caso, a las nuevas fincas de reemplazo , sin que se regule a intensidade de uso do citado acceso nin como parece afirmar os alegantes, a necesidade de que o camiño se una ou conecte máis vías públicas.

3º. Sobre a alegación segunda referida á improcedencia da acumulación dos procedementos, recordar que , como xa foi referido no Decreto de 27 de abril de 2022, contra os acordos de acumulación non cabe a interposición de recurso algún conforme o artigo 57 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

4º. A alegación referente á resolución administrativa de 26 de abril de 2013 de expediente de investigación de propiedade resulta neste caso descontextualizada temporalmente por ser previa aos actos administrativos recaídos no proceso de concentración parcelaria e ao pronunciamiento xudicial referido.

TERCEIRO.- Polo que respecta á alegación do Sr. Francisco Basanta Eiroá , que di que só quere facer constancia de a delimitación do camiño debe facerse segundo o reflectido na sentenza 250/2021 e a planimetría obrante no citado procedemento, indicar que non se está a efectuar expediente de delimitación do camiño (que por outra banda será o que teña sido resultado do proceso concentrador), senón de recuperación posesoria do mesmo para garantir a súa verdadeira natureza, que é garantir o acceso ás fincas de reemplazo.”





Vista a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local:

Artigo 4: «1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias; corresponde en todo caso a los Municipios, las Provincias y las Islas: d) Las potestades de... recuperación de oficio de sus bienes».

Artigo 82: «Las Entidades Locales gozan, respecto de sus bienes, de las siguientes prerrogativas: a) La de recuperar por sí mismas su posesión en cualquier momento cuando se trate de los de dominio público y, en el plazo de un año, los patrimoniales».

- Real Decreto 1372/1986, Regulamento de Bens das Entidades Locais,

Artigo 70:

1. Las Corporaciones locales podrán recobrar por si la tenencia de sus **bienes de dominio público en cualquier tiempo**.

2. Cuando se tratare de bienes patrimoniales, el plazo para recobrarlos será de un año, a contar del día siguiente de la fecha en que se hubiera producido la usurpación, y transcurrido ese tiempo procederá la acción correspondiente ante los Tribunales ordinarios.

3. No se admiten interdictos contra las actuaciones de los Agentes de la autoridad en esta materia.

Artigo 71: El procedimiento para la recuperación de la posesión podrá iniciarse a través de las formas previstas en el artículo 46.

2. La recuperación en vía administrativa requerirá acuerdo previo de la Corporación, al que se acompañarán los documentos acreditativos de la posesión, salvo que se tratare de repeler usurpaciones recientes.

3. Este privilegio habilita a las Corporaciones locales para que utilicen todos los medios compulsorios legalmente admitidos, sin perjuicio de que si los hechos usurpatorios tienen apariencia de delito se pongan en conocimiento de la autoridad judicial.

(..)

- Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas:

Artigo 55:

«1. Las Administraciones públicas podrán recuperar por sí mismas la posesión indebidamente perdida sobre los bienes y derechos de su patrimonio.

2. Si los bienes y derechos cuya posesión se trata de recuperar tienen la condición de demaniales, la potestad de recuperación podrá ejercitarse en cualquier tiempo.

3. Si se trata de bienes y derechos patrimoniales la recuperación de la posesión en vía administrativa requiere que la iniciación del procedimiento haya sido notificada antes





de que transcurra el plazo de un año, contado desde el día siguiente al de la usurpación. Pasado dicho plazo, para recuperar la posesión de estos bienes deberán ejercitarse las acciones correspondientes ante los órganos del orden jurisdiccional civil».

O informe conclúe que propónse desestimar as alegacións presentadas ao Decreto da Alcaldía de 27 de abril de 2022, polas razóns expostas, así como propónse á Alcaldía que como órgano competente para a fixación dos asuntos a engadir na orde do día das sesións plenarias da Corporación, propoña ao Pleno a adopción de acordo de exercicio da acción recuperatoria.

De conformidade co disposto no artigo 71 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1378/1986, de 13 de xuño, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO.- Desestimar as seguintes alegacións presentadas ao Decreto da Alcaldía de data 27 de abril de 2022 recaído no expediente 121/2022 sobre recuperación do uso do camiño Coto da Croa, Cascadrado, de titularidade pública municipal engadido no Inventario de Camiños 1.C.1.0096:

- 1º. Domingo Luaces Rey, data: 25/05/2022 (RE 681).
- 2º. Amelia Basanta Eiroá, data 25/05/2022. (RE 682).
- 3º. Francisco Basanta Eiroá, data 30/05/2022 (RE 703).

, polos motivos expresados no informe xurídico emitido pola Secretaria- Interventora en data 12 de xullo de 2022 , do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Adoptar acordo de exercicio de acción recuperatoria do uso do camiño Coto da Croa, Cascadrado, de titularidade pública municipal (Inventario de Camiños 1.C.1.0096), requirindo aos interesados para que no prazo máximo de dez días hábiles se proceda á retirada dos peches aos que se refire o informe técnico de data 26 de abril de 2022:

A – Peche do camiño na finca 143, na súa colindancia co camiño municipal. O peche está realizado con arame de espiños fixado con grampas. O citado peche, impide a utilización do camiño .

B – Peche do camiño no linde da finca 146 coa 76 do polígono 86 de catastro. O peche está realizado cunhas cordas atadas a distinta altura e existen ramas colocadas no paso. O citado peche, impide a utilización do camiño.

TERCEIRO.- Advertir ao interesados requeridos de que, transcorrido o devandito prazo o Concello, a través de persoal propio ou alleo, realizará o acto por si, con todos os gastos a cargo do mesmo, incluídos os honorarios dos Técnicos que no seu caso se devenguen.

CUARTO.- Contra o presente acordo , que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno desta Entidade, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de





conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de nove votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

4.- APROBACION PROVISIONAL DSNR A GRANDA .-

Toma a palabra o Sr. Alcalde para preguntar aos Concelleiros asistentes se algún quere preguntar algo sobre o expediente.

O Sr. Geada Adrio, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular indica que estamos de acordo con todo o que supoña dar pasos adiante e que o seu voto será favorable.

Non se producen máis intervencións.

Consta no expediente proposta da Alcaldía que literalmente di:

“ Visto o estado de tramitación do expediente 64/2019 de Delimitación do Solo de Núcleo Rural de A Granda, conforme os seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Informe técnico	25/11/2019	
Informe de Secretaría	15/01/2020	
Acordo de Pleno aprobación inicial	31/01/2020	
Anuncio no Diario Oficial de Galicia e Os Xornais A Voz de Galicia e El Progreso	04/03/2020	
Notificación aos titulares catastrais de terreos afectados	06/11/2020	
Certificado de Secretaría das alegacións presentadas	13/07/2022	SIN ALEGACIONES
Informe dos servizos técnicos municipais	19/07/2022	





Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 78 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.ll) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polo que **PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO .- *Aprobar provisionalmente o proxecto de delimitación de solo de núcleo rural de A Granda , parroquia de San Pedro de Mor, coas modificacións resultantes dos informes sectoriais emitidos.*

SEGUNDO.- *Una vez dilixenciado, elevar o expediente de delimitación de solo de núcleo rural referenciado á Consellería competente en materia de urbanismo co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.”*

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria co resultado de nove votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, **ACORDA:**

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

5.- MOCIONS .:

5.1. MOCION PLATAFORMA NA DEFENSA DA SANIDADE PUBLICA DA MARIÑA: SERVIZO DE SAUDE MENTAL NA COMARCA.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que nos acompaña Dona María Luisa Piñeira Núñez , como representante da plataforma, a quen lle cede a palabra para a defensa da Moción .

Pola Sra Piñeira dáse as gracias ao Alcalde e aos Sr. Concelleiros pola posibilidade de expoñer dende a Plataforma a defensa da saúde mental da Comarca de A Mariña. Continúa decindo que dende a supresión da Área Sanitaria se teñen incrementado metros cadrados de hospital e se teñen reducido servizos e profesionais. Xa é coñecido o problema no servizo de atención primaria, que ningún Concello ten a súa plantilla ao 100 %, que non hai médicos para atender a desplazados , ... pero hoxe tratamos o tema da saúde mental, cuio servizo se divide entre o de sicoloxía e o de siquiatría, habendo neste últimos máis de 500 persoas en lista de espera.

En Galicia se consumen máis ansiolíticos que na media de España, e isto é porque o servizo de siquiatría está sobreesaturado. Este servizo ten 3 profesionais asignados, pero o médico siquiatra está de baixa dende maio de 2021 sen cubrir, e o outro está de baixa por paternidade. Antes eran dous na consulta e un deles se encargaba das visitas a domicilios e recorría as residencias socio- sanitarias. Dende maio de 2021 o que facía as visitas tivo que pasar a consulta, con claro empeoramento dos pacientes que teñen que desplazarse, e ás residencias vaise fóra do horario e só cando se solicita para un caso moi grave.





Estamos a ver que existen casos de suicidios moi graves en adolescentes e non existe unidade de siquiatría infantil nin infanto-xuvenil, e no Parlamento estos días dixeron que ían implantar o servizo pero únicamente onde houbera área sanitaria., como en A Mariña non a hai, os rapaces teñen que ir a Lugo cos inconvinientes económicos e de acompañamento para os seus pais. Tampouco hai un terapeuta ocupacional como sí existe noutras unidades.

Na unidade de sicoloxía hai dous profesionais, un deles con xornada reducida que atende á xente nova, e o outro se ocupa dos adultos. A media é de 11/12 profesionais por cada 100.000 habitantes, en Galicia hai 6/100.000 e en A Mariña 2,8/100.000.

Tamén funciona a unidade de drogodependencia de Burela, pero non depende do SERGAS e debería considerarse como unha patoloxía mental e que non dependese da vontade do concello e das subvencións . Esta é a exposición de motivos que saíu adiante en todos os Concellos e pedimos apoio aínda que teñan outra visión, porque pensamos que é beneficioso para Alfoz e para toda A Mariña. A continuación procede á lectura dos acordos a adoptar.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o Sr. Geada Adrio se indica que nós apoiamos á Plataforma e á Moción porque entendemos que se trata dunha necesidade básica.

Pola voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, a Sra Maseda Paz pregunta si a unidade de drogodependencia no resto de Galicia depende do Sergas. Se responde que non, que depende de subvencións.

A Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG_PSOE, indica que precisamente se trata de implantar o modelo de Asturias que sí asume a Comunidade Autónoma a unidade de drogodependencias, o que non pasa en Galicia.

Resposta a Sra Maseda que está de acordo que en Galicia debería tamén ter de forma estable a atención a drogodependencias incorporado ao servizo público de Saúde.

Vista a proposta que consta no expediente , coa seguinte literalidade:

“ MOCION SOBRE O SERVIZO DE SAÚDE MENTAL NA COMARCA QUE PRESENTA A PLATAFORMA NA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DA MARIÑA.

Despois do paulatino e continuado desmantelamento que está a sufrir a sanidade pública na última década na comarca, coa supresión da Área Sanitaria da Mariña por medio, véndose agravado agora este desmantelamento desde a pandemia e sen que desde o Sergas nin desde a Xunta se poña remedio á actual caótica situación, que xa sobrepasa todos os límites en moitos concellos pola falta de profesionais, e tendo en conta tamén que no Hospital de Burela, no que aumentan os metros cadrados ao mesmo tempo que diminúen os servizos, seguen a incrementarse día a día as derivacións ao HULA, polo





que as mariñás e mariños vemos reducidos progresivamente os servizos que temos dereito a ter, por enriba de todo isto sufrimos tamén a precariedade no Servizo de Saúde mental da Mariña.

Este servizo conta actualmente cunha soa profesional para atender a todo o distrito sanitario da Mariña, o que supón unha soa psiquiatría para unha poboación duns setenta mil habitantes. Este servizo ten unha dotación de tres psiquiatras, máis desde hai un ano só conta con dous, ao trasladarse a terceira das profesionais a outra área, sen ser substituída en ningún momento desde a súa marcha e desde hai dúas semanas outro psiquiatra está a desfrutar dun permiso de paternidade que tampouco foi cuberto a día de hoxe.

A Unidade de Saúde Mental (USM) organiza a súa actividade de xeito que dous psiquiatras atenden nas consultas e o terceiro reparte a súa xomada entre a atención en domicilios en toda a comarca coa equipa de continuidade de coidados, xunto a unha enfermeira especialista e unha técnica en coidados auxiliares de enfermería, e a atención ás residencias sociosanitarias dos catorce concellos da Mariña.

O traslado dunha das psiquiatras en maio de 2021 sen ser cuberto obriga ao facultativo de continuidade a pasar á atención da consulta deixando esta equipa sen persoal facultativo. Os pacientes que eran visitados a domicilio agora teñen que desprazarse para acudir a consulta á USM de Burela. A atención a residencias está facéndose a maiores da xornada habitual, coa sobrecarga que esto ocasiona e sen poder manter a periodicidade previa nas visitas. Desde hai dúas semanas a totalidade da actividade de saúde mental recae sobre unha soa facultativa.

Esta situación, con dous dos psiquiatras ausentes sen substituír, afecta directamente a máis de cincocentos pacientes aos que habería que engadir familiares, amizades e coidadoras polo que a cifra final podería incrementarse considerablemente. Moitos destes pacientes xa tiveron que sufrir a perda da súa consulta ou van perdela nos vindeiros meses, causándolles un sufrimento evitable que se suma ao que xa é innato á enfermidade mental e aumentando a súa inseguridade ou angustia polo que nos atopamos diante dunha situación de emerxencia asistencial e mesmo social que atenta contra os alicerces da sanidade pública e que golpea aos pacientes máis vulnerables acrecentando aínda máis a desigualdade.

Outra das eivas que presenta o servizo de saúde mental na Mariña é a falta de psiquiatra infantoxuvenil polo que hai que desprazarse a Lugo ao non existir aquí a especialidade de psiquiatría infantil.

En Enfermería o cadro de persoal consta dunha enfermeira de consulta e dunha enfermeira especialista + unha TCAE para o equipo de continuidade de coidados (nestes momentos deficitario en persoal porque non hai psiquiatra a tempo completo) equipo que está saturado, sendo necesaria outra enfermeira e outra TCAE para formar un segundo equipo.

No que respecta a Psicoloxía, no equipo de saúde mental da Mariña hai unha





dotación de 2 psicólogos, facendo un deles psicoloxía infantoxuvenil (con redución de xomada). A media de psicólogos clínicos é de 18 por cada 100.000 habitantes. No Estado español a media é de 6 por cada 100.000 e na Mariña, para unha poboación de 70.000 hai dous profesionais representando unha media de 2,8 por 100.000, o que significa que estamos en claro déficit.

A Unidade Asistencial de Drogodependencias de Burela (UAD) que atende aos 14 concellos da comarca está xestionada polo concello de Burela con subvencións anuais da Consellería de Sanidade a través da FEGAMP. A pesar de que o diagnóstico e tratamento de condutas adictivas forma parte da cañeira de servizos comúns de atención especializada do Sistema Nacional de Saúde e o Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, inclúe as unidades de tratamento de alcoholismo e outras dependencias entre os dispositivos asistenciais básicos de Saúde Mental, estes seguen xestionados por concellos e ONG, nun contexto cada vez máis disfuncional que afecta á organización, á xestión e á propia prestación asistencial. A praza de psiquiatría da UAD nunca estivo ocupada por un psiquiatra debido ás precarias condicións económicas e existen dificultades para cubrir vacantes, o que compromete gravemente a actividade asistencial.

Por todo o anteriormente exposto, solicitamos ao Pleno do Concello de Alfoz que na vindeira sesión trate esta moción e adopte os seguintes ACORDOS:

O Pleno do Concello de Alfoz insta á Xunta de Galicia a:

1. Solucionar de inmediato esta situación de emerxencia substituíndo as dúas ausencias de psiquiatría para dar así unha alternativa ás persoas que teñen unha cita ou a aquelas que levan meses agardando por unha consulta.
2. Crear na USM de Burela un segundo equipo de continuidade de coidados con outra enfermeira e outra TCAE e dotación de terapeuta ocupacional que non existe en Burela pero si noutras USM.
3. Cumplir coas ratios dotando á unidade de saúde mental de Burela dos psiquiatras e psicólogos clínicos recomendadas para manter unha atención digna, próxima, estable e que cumpla cos estándares de calidade ditados polas sociedades científicas.
4. Crear unha unidade infantoxuvenil de saúde mental na Mariña evitando desplazamentos innecesarios a Lugo e doten á USM doutras categorías como terapeutas ocupacionais, tal e como existen no resto dos servizos de saúde mental.
5. Asumir como propias desde o SERGAS as Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UAD), con orzamentos deste organismo, desvinculándoas de subvencións a concellos ou ONGs, regularizando a precaria situación das e dos traballadores e dignificando ás persoas que sofren trastorno adictivo.

Así mesmo, díese traslado destes acordos á Consellería de Sanidade. “

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, co resultado de nove votos a favor (, maioría absoluta e unanimidade , ACORDA:





Prestar aprobación á Moción.

6.-ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.-

Non se producen.

PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

7 - DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

Indica o sr. Alcalde que os tedes á vosa disposición puntualmente no Gestiona .

A maiores quería darvos conta da resposta á Moción da área recreativa, que realmente non descubren nada novo, o Concello fai o mantemento e pasaron a limpar porque se lles chamou, que deixaron A Seara e a senda peonil sen limpar, e viñeron pero a parte interior da ponte tivemos que limpala nós.

O mobiliario xa facía tempo que as mesas estaban rotas e os xogos non cumpren a normativa e nós non imos facer investimentos no que é da Xunta.

A Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz di que entende que deixan aberto a que o Concello solicite a cesión.

O Alcalde di que entende que non pode ser porque é zona de afección da ponte e da carretera.

A Sra Maseda di que se podería pedir e unificar.

O Sr. Alcalde di que habería que estudialo pero non o vexo moi viable, e que creo que o que están a decidir é que nos deixan colocar a nós os xogos pero non a cedelo.. que nos deixan instalar un xogo novo, pero legalmente entendo que non se pode facer investimento sobre algo que non é noso.

Toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE, para dicir que da lectura do escrito non parece claro si din que ceden o espazo ou a posibilidade de cambiar os xogos, e que quizais sería mellor pedir unha aclaración para poder coñecer en qué condicións sería a cesión, poderíamos pedir máis información.

A sra Maseda se mostra conforme.

O Alcalde continúa informando aos Concelleiros que tivemos que cambiar parte das actuacións de alumbrado do Plan Único porque no entorno do Castelo non deu permiso Patrimonio, nin en Adelán, así que se fixeron cambios para outros sitios e solicitamos á Diputación o cambio de proxecto para non perder a subvención.

O Pleno dáse por enterado.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.





Toma a palabra o Sr. Geada Adrio, voceiro do grupo Municipal do Partido Popular, para formular as seguintes

PREGUNTAS: Respecto ao Mercado Medieval que se celebrou o pasado fin de semana, queremos que se den explicacións de cál era a idea da organización e qué se pretendía conseguir con esta forma de facer o Mercado.

Resposta o Alcalde que para entender o que pasou este ano temos que falar do que sucedeu no ano 2019; o Mercado se viña celebrando por un grupo de persoas co apoio do Concello. No ano 19 estas persoas, tres semanas antes, decidiron non colaborar o que provocou tomar decisións de forma precipitada... esta xente descolgouse polas razóns que tiveran, pero ademáis non puidemos dispoñer de adornos, bandeiras, incluso cousas que tiñan sido compradas aquel ano, roupa.. desapareceu todo aínda que teño entendido que estaba nun galiñeiro de Carrocide. Logo viñeron ous anos parados pola pandemia, e como o concello non temos medios e a xente non colabora, decidiuse contratar a esta empresa que viña con boa fama de levar anos organizando en Betanzos, en Vicedo.... E nós supoñíamos que eran profesionais da materia, pero o resultado hai que recoñecer que foi nefasto. Non era a nosa intención que fora mal, é culpa da empresa que non fixo o que tiña encomendado. Nos encantaría que todo fora perfecto, nos fiamos da empresa que non cumpriu, e temos que correxilo si estamos aquí para o ano que ven ou os que veñan. Recoñecemos que non foi ben, porque contratas e non te resulta, e asumos certa responsabilidade pero non toda porque repito que o que incumpriu foi a empresa. Ademáis o tema do Mercado é sensible, porque é nunhas datas, non hai outra oportunidade para correxir á empresa, non se pode facer outro, pero evidentemente xa se lle chamou a atención á empresa e hai cousas que non se van a pagar.

O Sr. Geada intervén para dicir que él non vai a entrar no tema dos que non quixeron organizar, pero que tralo 2019 daba tempo de sobra para facer unha boa base e debería estar máis traballado e non deixar todo en máns dunha empresa externa que non coñece o pobo.

Co permiso do Sr. Alcalde toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE, para dicir que como é ben sabido nos dous anos da pandemia paralizáronse moitas cousas.. o ano pasado se fixeron as xornadas de historia local, con visitas guiadas e un concerto de música folk. Evidentemente non vas planificar o que non podes facer, como pasou coa festa dos chóferes que pasou a setembro, porque era imposible planificar nada cando cada quince días cambiaba a situación e as normas. Esta empresa ten prestixio de traballar en toda Galicia, pero o produto que venderon non se corresponde coa realidade e os primeiros disgustados fomos nós, e teremos que adoptar, si estamos, outras medidas pero é moi complicado cando non hai colaboración, e ojalá que a houbera xa non só polo aforro senón porque é unha pena que se





presuma de algo que é de todo o pobo e logo non se participa haberá que preguntarse porqué non. Eu espero que para o ano que ven, esté quen esté gobernando, o apoiemos todos. Os dous anos pasados coa pandemia bastante se fixo con manter a prestación dos servizos esenciais, e repito que os primeiros que nos levamos un chasco fomos nós, e está claro que a próxima vez, si estamos nós, non se fará o mesmo e aproveito para dicir que as portas están abertas e que o Mercado é de todos e para todos os que queiran vir e facer cousas.

Pide a palabra a Sra Maseda , voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, e o Alcalde lle di que para facer unha pregunta sí, pero para facer debate da resposta á pregunta , non, que esto non é unha moción.

A Sra. Maseda formula pregunta : ¿ Cáles foron os gastos do Mercado Medieval?

Resposta o Sr. Alcalde que cando acabemos de botar números xa vos diremos.

Indica a Sra Incera que as propostas de gasto e aos RC podeades acceder e ver todo polo Gestiona, pero que de memoria non chega aos 5.000 euros, independentemente da subvención da Deputación.

Pregunta a Sra Maseda :¿ Porqué se convertiu o pregón en propaganda política da Deputación e do PSOE?.

Di o Sr. Alcalde que iso é mentira. Queríamos facer un acto institucional e se invitou a Alcaldes de toda a Mariña, de fora dela, representantes da Deputación Provincial e da Xunta de Galicia.

Indica a Sra Incera que invitouse a todos os concelleiros aquí presentes a a todos os presidentes das Asociacións veciñais, mandouse invitacións e chamouse para comprobar que estaban ben os correos electrónicos e mandáronse whatsapp para evitar problemas cos mails. Houbo invitacións para representantes da Xunta de Galicia, e esa interpretación que fan vostedes non é así, a invitación era a mesma fora para a Subdelegada ou para o presidente dunha Asociación.

Indica a Sra Maseda que é a primeira vez que recordo que en ningún pregón do mercado medieval se falara de contas e subvencións.

O Sr. Alcalde indica que só se anunciou o que se iba a facer e o que aportaba a Deputación, acaso é un delito?. E que si ten asistido a outros eventos ou a outros pregóns faise o mesmo.

Indica a Sra Maseda que era o pregón do Mercado, e que levo asistindo a él dende o ano 2002 e nunca tal se viu.

A Sra Incera di si non é máis fácil interpretalo como un acto de transparencia que de propaganda.





A Sra Maseda pregunta ¿ Porqué na presentación do Mercado medieval non aparecían os asistentes adecuadamente vestidos ou endumentariados? Porque noutros sitios, como en Mondoñedo, van todos vestidos de época, e aquí éramos seis persoas as que estabamos vestidas adecuadamente o que é unha falta de educación. Ademáis menuda empresa que decora o Castelo con propaganda da súa propia empresa e vostede dixo que este ano era unha novidade o lume, e será porque non asistiu no 2007 que tivera malabares con lume e todos axudamos a levar parafina e antorchas.

Pregunta a Sra Incera que cál é a pregunta.

Di o Sr. Alcalde si o que dixo é crítica ou pregunta .

Di a Sra Maseda que ambas cousas e pregunta ao Alcalde porqué non foron vestidos.

O Sr. Alcalde di que os que non tiñan roupa non lla imos facer .

Pregunta a Sra Maseda si tamén desapareceu a roupa. Resposta a Sra Incera que a pouca que hai agora foi adquirida polo Concello, e que como comprenderán non se pode obligar a disfrazar aos invitados, que tamén haberá que respetar a súa opinión.

A Sra Maseda pregunta si a xente que antes organizaba e agora non participa deron algunha razón.

Di a Sra Incera que alegaron cansancio, e problemas persoais e que como tal se lles respeta.

Di o Sr. Marrube que os houbo que primeiro dixeron que sí que ían colaborar e logo non viñeron.

Di a Sra Incera que están significados políticamente noutros partidos e deixaron todo, o mercado e a festa dos chóferes, e nós tivemos que tomar as medidas necesarias, e que quizais a pregunta debería de facela a esas persoas que avisaron 3 semanas antes.

Di o Alcalde que como decía César houbo xente que se ofreceu e aínda estamos esperando. Ante estas actitudes a veces hai xente que non só non colaboran senón que encima están criticando e tan contentos con que vaia mal algo que é do pobo.

A Sra Maseda di que na organización do Mercado sempre houbo xente de todos os partidos e sempre traballouse sen fixarse de qué partido era cada un.

Di o Alcalde que eso parece que agora non se da, que hai cousas que son de todos e para xente de todos os cores, que cando o Concello organiza algo é para o uso e disfrute de todos.

A Sra Maseda Paz di que tiña entendido que as cousas estaban nos baixos do centro socio cultural e pediuse que se liberara para usalo por unha





asociación e levouse para a escola de Reirado.

Di o Sr. Alcalde que por favor non siga mentindo e pregunte e non siga falando de oídas , que habia cousas na escola de Reirado, aquí, en casas, en todas partes... que agora o baixo do Castelo está dispoñible porque saíu o zoqueiro que tiña alí o seu taller e gastaba 700 euros de luz cos secadoiros, e se lle dixo que si quería que seguira coa exposición pero que tiña que liberar o baixo do Castelo para as cousas do Mercado.

Di a Sra Maseda que nos baixos do Castelo non se poden gardar as cousas que os escudos empodrecían coa humidade.

Di a Sra Incera que o ano pasado instalouse un deshumidificador grande adaptadoara esa zona , non un doméstico normal, e que agora no local non hai ning'cun problema de humidade, e todo está perfecto, que ali se garda fotos e todo tipo e materiais porque agora o local sí que reúne as condicións.

Insiste a Sra Maseda que moitas cousas son privadas .

O Sr. Alcalde do que pase á seguinte pregunta.

A Sra Maseda pregunta si para facer a pirotecnia solicitáronse os correspondentes permisos.

Resposta a Sra Incera que está todo en orden no correspondiente expediente.

A Sra Maseda se queixa de que non se poda facer debate.

O Sr. Lorenzo garcía di que está ben que admitan que houbo erros e que estén disgustados, pero pola imaxe que se deu aos veciños e o odio que hai nas redes sociais e fóra de a Mariña, ¿ Cómo se pode reconducir a situación? Entendemos que deben publicar disculpas, porque xa que recoñecedes que non foi acertado é o mellor que podeades facer para mellorar a imaxe do Concello, que me atacaron ata a min que non formaba parte da organización.

O Sr. Marrube di que a solución pasa porque traballemos todos.

Si a Sra Incera que en todo caso as disculpas as teríamos que facer e pedir todos, porque nós somos responsables de contratar a unha empresa que non estivo á altura, pero vostedes fixeron publicacións atacando ao Alcalde, e nas redes sociais bastante foi con non contestar comentarios fora de lugar para non botar máis leña ao lume. O domingo xa tiña un folio con cousas a recuperar e cousas a facer, porque o viernes xa vin cousas que non me gustaban , e hai que cambiar totalmente o que foi este ano nós ou os que veñan, pero entendo que hai que deixar que se calmen as augas, retomar o asunto e invitar a todos a colaborar, a aportar e ver cómo levantamos o Mercado con independencia de onde estemos sentados.

Di o Sr. Geada Adrio que según vostedes si algo vai mal é culpa de todos, si vai ben é para vosoutros, e Jorge é o representante para ben e para mal.





Di a Sra Incera que os responsables somos todos os do equipo de goberno e que a solución non pasa por facer críticas persoais.

Di o Sr. Geada que piden que arrimemos o hombro dende o 2019 cando cambiaron o sistema no 2022.

Di a Sra Incera que cántas veces neste Pleno deixamos cousas para solucionarlas entre todos. Nós non impoñemos, e que hai que poñer as cousas no seu contexto, que tampouco se mancou ninguén, e que o que estou a pedir é axuda e colaboración para traballar en equipo.

Insiste o Sr. Lorenzo en que debes pedir disculpas neste momento como organizadores.

Di a Sra Incera que non é o momento oportuno.

Indica o Sr. Alcalde que as decisións foron tomadas e poderíamos acertar e non íbades a votar flores, que se fixeron cousas na pandemia ben feitas incluso como pioneiros na Mariña, pero hai xente que se alegra si vai mal e se cabrea cando saen ben, que algún ía polo Mercado cunha sonrisa de orella a orella, e iso é moi triste.

Di o Sr. Paleo Rejes que viuse fai dúas horas, cando foi o acto da bandeira, que ven xente de fora, invitouse a tomar un viño e fumos solos, e que estamos uns contra os outros e así non pode ser.

O Sr. Lorenzo contesta que non había nada que celebrar porque quen elixiu a bandeira.

A Sra Maseda formula PREGUNTA: Referente á captación de agua do Concello, cómo está o proceso de legalizacións pendentes?

Responde o Sr. Alcalde que falta a autorización dun , que exactamente agora non sei cál.

A Sra Maseda di que respecto do contrato do bar do centro sociocultural que remataba o 30 de abril formula PREGUNTA:¿ Procedeuse á devolución das chaves?

Resposta o Alcalde que non colaboraron na firma das actas nin na entrega das chaves, que tivemos que cambiar a pechadura.

Pregunta a Sra Maseda si teñen as contas ao día.

Resposta o Alcalde que non.

A Sra Maseda di que respecto da pista de padel as luces dos accesos están encendidas ata ben entrada a noite e pide que se revise.





Contesta a Sra Incera que quedan encendidas dúas horas máis por seguridade, non toda a noite, e é a propósito para evitar problemas de seguridade en tanto non se instalen as cámaras de vixilancia, para evitar actos vandálicos.

A Sra Maseda di que nas bases de organización do campamento de verán poñía que era para rapaces entre 2004-2009 e que hai queixas por participantes de máis idade(do 2010).

Responde a Sra Incera que é a primeira vez que organizamos o Camp Night e puxemos para rapaces entre 13 e 18 anos, que para os máis pequenos hai ludiverán, e para o ano que ven pensamos que sexan para os de 11 a 16 anos.. e tamén había 20 prazas e ao final son 25 nenos, porque todos os que chamaron tiveron praza. A persoa que deu as queixas non estaba interesada en que participara a filla, as bases se puxeron por primeira vez e é de decir que foi un éxito rotundo, que tivemos manga ancha para que ningún neno que estaba interesado se lle dixera que non, e días antes de empezar non lle interesaba,... buscamos solucións para todo o mundo, e viñeron nenos de Alfoz, pero tamén de Valadouro, de Burela.. e incluso houbo pais que chamaron para dar as gracias. O ano que ven adaptaremos o campamento segundo a demanda e para que entren nenos a partir dos 11 anos. .. a esa persoa se lle dixo que falara co Concello para solucionalo e dixo que non lle interesaba e que me iba a traer cola.

A Sra Maseda pregunta qué criterio se sigue para decidir si unha ruta é oficial ou non ?

A Sra Incera di que houbo unha modificación do trazado da ruta dos Castelos, que é tamén de Foz, porque estaba por terreos de particulares sen os permisos, e que non publicamos ata que teñamos unha ruta que non pase por terreos de particulares e que se están facendo cambios para poñer o tema en orden.

A Sra Maseda pregunta polo mantemento dos camiños que antes se limpiaban as dúas marxes do arcén e este ano a limpeza é só na baixada. ¿ Cál é o motivo?.

Responde o Alcalde que o operario está facendo o mesmo de sempre, diga onde e se correxirá si ten razón, que haberá que comprobar, porque ao operario non se lle deron outras instrucións.

A Sra Maseda di que respecto da Fonte de A Grela que ven de ser arranxada , cando esté acabado vaise iniciar expediente para incluíla no inventario patrimonial ?.

Resposta o Sr. Alcalde que pode ser, que é unha cuestión máis técnico-





xurídica que política.

A Sra Maseda pregunta ¿ Cál é o motivo ou explicación para que non haia auga quente na piscina municipal?

Responde a Sra Incera que existe na instalación carteis ben visibles , que o recomendaron as responsables de Sanidade, como noutros Concellos e quen diga que se duchaba en auga quente na piscina durante os dous anos de pandemia que estiveron clausuradas hai dúas opcións, ou ben mente ou se saltaba á torera as prohibicións de sanidade.

Di a Sra Maseda si é porque é unha recomendación da Xunta ou porque a piscina non cumpre coa normativa da lexionela?

Responde a Sra Incera que non é por iso, que é para todas as piscinas , e que a documentación sobre lexionela está ao día .

Pregunta a Sra Maseda que porqué non se puxeron avisos.

Responde a Sra Incera que eu persoalmente puxen os dous carteis e todos os usuarios teñen á súa disposición o regulamento. É unha piscina limpa que vale como exemplo e calqueira que teña algunah dúbida, aquí estamos para responder. Hai carteis nos vestuarios que así o indican.... E así pasa noutras piscinas , en Valadouro, Lourenzá... que é o normal, incluso nas duchas das praias todas son con auga fría, e non parece cousa para preguntar no Pleno.

Di o Sr. Lorenzo que todos os días din qué se pode preguntar ou non , e tedes que contestar e respetar que si non facedes criba.

Di o Sr. Alcalde que co tema da lexionela xa nos adiantamos no campo de fútbol nas duchas colectivas, e que non é obligatorio nas piscinas. Para ter auga quente na piscina habería que facer reforma, e na piscina xa fixemos inversións , se puxo ao día o control do cloro automático e se modificaron todas as instalacións pero nadie pregunta por iso, e o que dixo sabe como facíamos e logo queren que non haia desprestixio e van a buscar un alfiler ao campo. E vostede fala por outro, porque xa nos contaron o chisme e se podía facer alí a pregunta, porque aquí se trata de problemas colectivos, non dunha determinada persoa.

Di a Sra Maseda que os veciños son libres de poder preguntar.

Responde o Alcalde que xa o fixeron, pero hai unha persoa que o quere poñer en duda e debe coñecer ben a resposta .

Di a Sra Maseda que podemos decir o pecado pero non os pecadores.

Responde o Alcalde que debemos dedicarnos a cousas máis importantes e que xa respondemos no pleno cando tampouco tiñamos a obriga de contestar.

Di a Sra Maseda que haberá que facer as preguntas por escrito e igual sen debate non responden.

E non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión,





CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

sendo as quince horas do expresado día.

Autorízase a presente acta coa firma do Alcalde e da Secretaria que da fe.

O ALCALDE.
Vº e Prace. _

A SECRETARIA



Cod. Validación: 4CPEJZXMMJEJ3MDKN7ZF6T7N2 | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 27